

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. COMITÉ (09-01-09)

O pasado venres, a Dirección convocounos para informarnos da evolución da produción para o ano 2009, e, a curto prazo, para os meses de febreiro e marzo.

Cando levamos dous días co novo reparto de produción deste mes de xaneiro, a Dirección ratifícanos o que nalgúns medios de comunicación veñen anunciando, é dicir, unha nova baixada nas previsións produtivas para o 2009, quedando as estimacións nuns 300.000 vehículos.

En base a estas noticias a Dirección anúncianos que para febreiro e marzo se deixará de producir:

SISTEMA I.- 6 días a finais de febreiro e 6 pendentes de sinalar en marzo.

SISTEMA II.- 11 días febreiro e 11 en marzo; 5 días que serían en luns e venres de cada mes , os 6 días restantes en común co Sistema I.

VALORACIÓN:

1.- Sorpréndenos que unha vez máis a prensa vaia por diante na información que debéramos ter os afectados.

2.- Que en poucos días quede desfasada a previsión feita, e ó mesmo tempo se fagan agora previsións para 3 meses, que por certo ten coincidencia coas Eleccións Autonómicas.

3.- Por último, e o máis preocupante para a C.I.G., está a incertidume que a este respecto en materia de emprego se está suscitando.

Esta semana manterase unha reunión entre a Dirección e o Comité de Empresa para tratar esta situación.

Confederación Intersindical Galega